

SEMPRE EN CASTELAO

Por VICTORIA ARMESTO

Pensando sempre en Castelao coma il sempre pensóu en Galicia, hoxe, no 25 cabo de ano do seu pasamento, lembrámonos saudosos daquil o seu engado enfeitizante que conquería os corazós.

Tense dito, e o noso filósofo Ramón Piñeiro percisóuno con belidas verbas, que Alfonso Rodríguez Castelao representa a concencia da Galicia. Era un home dunha fonda sinxeleza moral; o pobo olla nil o exemplo adoitado do home puro, alonxado de corrupción, o home patriótico que, doente pola saudade do eisilio morréu, coma diría o poeta irmán: "do mal dos bós e xenerosos, morréu do mal da terra".

Se a sinxeleza moral é sempre difícil de conquistar, o atranco foi maior nos tempos de Castelao que fora naqueles mainos dos devanceiros.

É verdade que, na mocidade, o mozo Castelao metéuse, ou metérono, nas pequenas loitas locais do seu Rianxo natal, nembargantes, no intre en que Castelao comprométese co o galeguismo, a traveso das *Irmandades da Fala* vaise alonxando da política cativa pra non se precurar senón daquela Galicia ideal que, coma unha estrela de prata brilaba no intre da súa concencia.

Ao mesmo tempo, asegún dixo fai poucos días un crítico literario que fora o seu amigo e discípulo no Instituto de Pontevedra, a traveso do galeguismo o arte do mestre Castelao tórnase máis fondo e ferinte. Dende o ano 1916, cando milita nas *Irmandades da Fala*, érguese até acadar a mesma categoría dun Dámir, dun Grosz, ou dun Hersfield, pois non se trataba somentes

da creazón artística senón de se servire dela coma vehículo que dictara un código moral.

Na súa percura de sinxeleza social a persoalidade de Alfonso Rodríguez Castelao vaise espritando até o punto en que, sen íl mesmo se decatarse, entrou vivo na compañía dos mortos inmortalés que cantara no seu derradeiro discurso "Alba de Groria".

Semellante a Rosalía, denantes de morrer fíxose mito, cezáis porque ollando pra súa faciana inteleitual ollábase pra faciana doente da Galicia.

* * *

Irmáns, temos vivido tempos de infinda crueldade e por iso todos, inda aqueles que un día éramos nenos, levamos no corazón unha fonda ferida. O medo quedou pendurado dos espritos como as pinas dos albres arousanos e por iso ún dos nosos novos poetas recoñece chorando: "Cánto terror levamos os homes".

* * *

Castelao: unha estrela da esperanza. Nil ollamos o espírito inmorrente da raza, o xenio da terra, a estrela dos dilectos, a moral do pobo.

O mestre ensináunos que non se lle pode ter medo ao pobo coma lle tiñan os vellos burgueses, porque o pobo e bóo e leva a costas un longo sofrir.

* * *

Unha proba de que Galicia non está morta, que alenta aínda a vella forza doutros tempos máis groriosos e que nela podan nacer seres coma o noso Castelao que alumean de novo a nosa esperanza, que camiñan diante de nós pola beira de Nazaret.

* * *

Por iso, ficando en Castelao a nosa esperanza, tódolos intentos de desmitificar a súa persoa, inda aqueles feitos coa millor das intencións, deixan en nós un certo desacougo. Non é doado meter ao mestre en estruturalismos ou en capelas políticas.

Aínda eu, que teño o xenio ironista, pra falar de Castelao, gustaría ter o dose talento poético dun Platón na procura do seu mestre Sócrates.

* * *

Non se pode rebaixar a persoalidade moral do mestre facendo correligionario desta ou aquela política. Castelao non pertence a esta ou aquela familia, non é da Cruña nin de Pontevedra.

Pertence igoalmente a todos os galegos que sintan a nosa terra e aos problemas da terra, aqueles que, sen acadar a outa sinxeleza, teñan anxeios dunha maior perfeición moral.

* * *

Naquela Galicia, inda feudal, poboada por labregos, mariñeiros, velliñas, nenos famentos, cegos —amados polo noso artista— cregos de xamós e latines, caciques bóos e caciques maos (que os había das dúas crases), fidalgos e señoritos cursis que non querían falar o galego..., isa Galicia que refleixan os dibuxos e as caricaturas de Castelao, a persoalidade do mestre xurde igoalmente belida na súa faciana humán.

¿Cóma coñecer a Castelao e non querelo? Tense dito que o querían até os adversarios da política, que enemigos non os tivo endexamáis. A súa fina faz intelectual aseméllao a un Bert Brecht, máis amabel. Foi atraente o seu físico: un home longo cal se na lesma longura a natureza mostrara a superioridade do mestre: Gulliver nun país cativo. A traveso dos anteollos os ollos do ironista, diría o poeta Pimentel, tiñan isa craridade profunda, queda, que algunhas veces sorprendemos na mar.

A *simpatía* de Castelao foi universalmente recoñecida. Cando fincaba desterrado en Badajoz o seu jefe chegou a pedirlle sorrindo: "Castelao, haga el favor de no volver a la oficina, porque cuando usted aparece ya nadie trabaja".

* * *

A forza do seu engado cooperaba tamén a dualidade persoal: fillo do pobo Castelao pertecía polo ascenso de status emigratorio a cativa burguesía dunha vila. Na persoa do mestre óllanse

marifeiros e labregos e opositores de crase meia (Castelao opositou dúas veces pra gañar primeiro un duro diario e logos dous). Inteleitual, universitario, doutor de feitura europeizante, dono da cultura propia e allea, a ironía popular xurde a traveso do seu arte. É unha ironía que fuxe do sarcasmo.

Castelao é un moralista de vello roupaxe que mostra as chatas dunha sociedade inxusta tolamente aferrada a unha escala valdeira de valores.

O amor ao pobo, o amor á terra, á convivencia eisistencial, ista é a leición do mestre Alfonso Rodríguez Castelao.